

Troglodytes troglodytes (Linnaeus, 1758)

	carriza, carrizo
	chochín común
	txepetxa
	cargolet
	winter wren
	carriza



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Troglodytidae	<i>Troglodytes</i>

ALIMENTACIÓN

Insectívora estricta: moscas, mosquitos, escaravillos, arañas, pulgón, efémeras, etc.

COMPORTEMENTO

É unha ave difícil de ver polo seu pequeno tamaño, pero pódese escoitar cando patrulla o sotobosque espeso, cerca do chan. É o macho o que constrúe os niños, en forma de bola con herbas e follas, e despois a femia escolle un que recubrirá con plumas.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril ata xullo. 1-2 postas de 3-9 ovos incubados pola femia entre 16 e 20 días. Os polos abandonan o niño despois de 12-20 días.

HÁBITAT

Sotobosque de ribeira, zonas palustres e bosque atlántico caducifolio.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuído na rexión temperada do hemisferio norte. En Europa, atopámola dende Islandia ata o norte de África.

CURIOSIDADES

Debido ao seu pequeno tamaño, adoita meterse entre a herba e as rocas. Isto, xunto á súa costume de aniñar en zonas escondidas e ocultas é a orixe do seu epíteto "*troglodytes*", que significa habitante das cavernas. Durante os invernos, para protexerse do frío, pódense atopar ata 40 exemplares apertados formando unha grande bóla de plumas; os invernos crús producen grandes mortandades desta especie.

No noso territorio podemos atopar a forma nominal.



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	9 g
Lonxitude	9-10,5 cm
Envergadura	13-17 cm